

LINGUA GALEGA E LITERATURA

BACHARELATO

Obxectivos xerais

[Criterios xerais de avaliación](#)

[Instrumentos de avaliación](#)

[Criterios de cualificación](#)

Contidos mínimos

[1º BAC](#)

[2º BAC](#)

Obxectivos, contidos e criterios de avaliación

[1º BAC](#)

[2º BAC](#)

OBXECTIVOS XERAIS

.: Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.

.: Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferents situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical e a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

.: Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

.: Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutur, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.

.: Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que enmanan dos distintos dixurso e utilizar on autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

.: Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuindo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua.

.: Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvimento da competencia pluricultural

e, en especial o plurilingüe.

.: Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.

.: Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.

.: Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

.: Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione.

.: Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

.: Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

.: Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega em tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.

.: Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Procúrase na avaliación da etapa fundamentalmente se o alumnado:

- Coñece a evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación cultural do galego antigo, do galego medio e do galego moderno, e as súas características lingüísticas.
- Analiza criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- Analiza en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- Comprende e identifica discursos de distinto tipo (recoñecendo as estruturas básicas nas

que se organizan segundo o seu contido), transmitidos por canles diferentes, identificando a situación de comunicación en que se producen e a intención comunicativa.

- Identifica a función predominante, as características propias e a estrutura da tipoloxía textual da comunicación oral.
- Identifica a función predominante, as características principais e os trazos lingüísticos dos textos humanísticos, científico-técnicos e xurídico-administrativos.
- Participa en debates a cerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- Elabora unha exposición dun tema propio do ámbito académico (un traballo monográfico, unha reseña bibliográfica, unha memoria, un informe) utilizando procedementos de documentación e distintas estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, resumos, esquemas, etc.).
- Expón a súa opinión sobre certos temas ordenada e coherentemente, utilizando preferentemente un guión previo.
- Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc.
- Aplica correctamente as regras de acentuación e dos signos de puntuación, e usa axeitadamente grafías conflictivas, prefixos e terminacións e grupos consonánticos dubidosos.
- Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias ao longo da historia.
- Interpreta textos e obras literarias tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada e emite xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Realiza comentarios críticos de textos.

De acordo co anterior, os criterios de avaliación serán:

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións

orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e coas tecnoloxías da información e comunicación.

3. Compoñer produción escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e unha presentación coidada.
4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo dos ámbitos científico, académico e dos medios de comunicación.
5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega.
6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compñer e revisar textos propios de temáticas diversas.
7. Coñecer e utilizar un caudal léxico apropiado e amplo que incrementa non só o vocabulario receptivo, senón, e sobre todo de tipo produtivo.
8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.
9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.
10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.
11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autoras e autores e obras.
12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias e os distintos períodos, movementos e autores.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais son os seguintes:

1. Observación sistemática do traballo na aula (diario de clase, escalas de observación...).
2. Análise da produción textual (oral e escrita) do alumnado
3. Valoración de tarefas sobre textos (comentarios e resumos, caderno do alumno, lecturas...) e

en proxecto de comunicación.

4. Análise das interaccións do alumnado (actitudes, implicación en debates, achegas ao traballo colectivo en grupos...).
5. Resultado dos exercicios de control de coñecemento, das probas obxectivas.
6. Respostas a cuestionarios (detección de ideas e de coñecementos previos; autoavaliación; control das aprendizaxes adquiridas...).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. XERAIS

O Departamento mantén no esencial os valores dos distintos tipos de contidos, diferenciando a ESO do Bacharelato, tal como se especifica nos apartados correspondentes dos distintos bloques (ESO e BAC) desta programación. Neles tamén se recolle a valoración do absentismo. Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua_ao acumular máis de doce faltas (quinze en 1º ESO) sen xustificar, realizarase unha proba única final na que terá que dar conta dos contidos mínimos da materia e que só se superará demostrando un dominio suficiente destes.

O peso dos distintos instrumentos de avaliación é o seguinte:

a) Notas de exames. Suporán entre o 50% e o 70% do total da nota, na ESO, e o 70% ou o 80% no BAC, dependendo do tipo de contidos que se inclúan neles. Establécese un *mínimo para poder facer media* entre as probas que sería un terzo da nota total.

b) Notas por libros de lectura. Será preciso realizar unha lectura mínima por trimestre, que será avaliada a través dun traballo ou unha proba e suporá un 10% da nota da avaliación. O incumprimento ou a realización moi deficiente duplicará ese valor no trimestre seguinte. As lecturas voluntarias (de libros recomendados) poden incrementar a nota ata un punto no BAC e sen teito na ESO.

c) Nota por traballos. A suma dos resultados das actividades e/ou a realización dun traballo de trimestre, elementos fundamentais na avaliación dos procedementos fóra das probas obxectivas, encherán o 10-20% da nota media. Tamén se terá en conta neste apartado a calidade do caderno e a resposta ás propostas de creación. A data de presentación de traballos ou cadernos será inaprazábel e a demora restará boa parte da puntuación ou toda, segundo a gravidade.

d) Notas diarias ou semanais de actitude. A constancia e o esforzo, o respecto aos compañeiros, o/a profesor/a e a materia, a participación e o interese ou a práctica habitual, desprexuízada e en progresión do uso oral do galego contarán ata un 20% da nota na ESO e un 10% no Bacharelato.

2. ESPECÍFICOS

O valor dos diferentes contidos no Bacharelato é o que segue:

- Conceptuais: 40 % (nos exames: 10% Lingua e sociedade, 30 % Literatura)
- Procedementais: 50% (libro de lectura 10%, traballo de avaliación 10%, comprensión e reflexión sobre a lingua 30%)
- Actitudinais: 10% (esforzo, interese... e puntualidade e non absentismo; a este respecto, tendo en conta que cada *tres retrasos supoñen unha falta non xustificable*, aplicaremos o seguinte baremo: 4 faltas sen xustificar restan 0'25, 8 restan 0'5, 10 0'75 e 12 supoñen a perda da avaliación continua, debendo realizar un exame final con contidos mínimos)

Para o cálculo da nota, logo, terase en conta:

- (a) O traballo na aula e a adecuación ás actitudes referenciadas.
- (b) Os resultados das probas obxectivas: cando menos un exame global por avaliación e, de ser necesaria, unha recuperación por trimestre.
- (c) A presentación de traballos (obrigatorios ou voluntarios) centrados nos contidos desenvolvidos na aula e que posibiliten o achegamento ás estratexias da investigación lingüística e literaria, sempre co asesoramento do profesorado, que tamén fornecerá bibliografía axeitada. Estes traballos poden consistir na resolución de actividades de tipo heurístico ou tarefas de produción textual que inclúe o propio libro de texto. Suporán sobre un 10% da nota.
- (d) Probas de lectura dos libros escollidos en cada trimestre. Rondarán tamén o 10% da media.

Na corrección destes elementos de avaliación, no que se refire á expresión escrita, aplicaremos os criterios establecidos pola CIUG para as probas de acceso.

Será obrigatorio ler un libro por trimestre, do que se realizará unha proba escrita ou oral. Poderase ler ademais un libro *voluntario* por trimestre.

Lecturas

1º BAC

1ª avaliación: *A praia dos afogados* (Domingo Villar, Galaxia), *Confusión e morte de maría Balteira* (Marica Campo, Baía)

2ª avaliación: *Ás de bolboreta* (Rosa Aneiros, Xerais)

3ª avaliación: *Morning Star* (Xosé Miranda, Xerais)

Voluntarios recomendados: *Comedia Bífida* (Manuel Núñez Singala, Galaxia), *A sombra*

dos teus soños (Anxo Rei Balesteros, Galaxia), *Tras do solpor* (Haruki Murakami, Galaxia), *Peaxes* (Santiago Lopo, Xerais), *Sidecar* (Alberto Lema, Galaxia), *O lago das garzas azuis* (Alfonso Pexegueiro, Xerais).

2º BAC

1ª avaliación: *Arredor de si* ou *O fidalgo e outras narracións* (Otero, Galaxia) ou *Dos arquivos do trasno* (Dieste, Galaxia) ou *A fiestra baldeira* (Dieste, Galaxia) ou *Na noite estrelecida* (Cabanillas, Xerais).

2ª avaliación: *Dime algo sucio* (Diego Ameixeiras, Xerais) ou *A esmorga* (Blanco-Amor, Galaxia) ou *Longa noite de pedra* (Celso Emilio) ou *Merlín e familia* (Cunqueiro, Galaxia).

3ª avaliación: *Con pólvora e magnolias* (Ferrín, Xerais) ou *O sol do verán* (Casares, Galaxia) ou *Arraianos* (Ferrín, Xerais). Teatro de Vidal Bolaño.

Á parte, o alumnado poderá ler voluntariamente outros libros recomendados que serán avaliados mediante proba oral (ou, excepcionalmente, escrita). Redundarán na nota de avaliación sumando como máximo un (1) punto. Son, entre outros, *Resistencia* (Rosa Aneiros, Xerais), *O único que queda é o amor* (A. Fernández Paz, Xerais), etc.

CONTIDOS MÍNIMOS

1º Bacharelato

-Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.

-Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

-Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

-Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

-Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características

lingüísticas. O verbo: a conjugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conjugado. Descrición e usos.

-Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.

-Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

-A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.

-A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.

-A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

-A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.

-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

2º Bacharelato

-Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.

-Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sin- tácticos. O texto dialectal.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.
- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A literatura do primeiro terzo do século XX.
- A literatura entre 1936 e 1976.
- A literatura de fins do século XX e comezos do XXI

CONTIDOS

Desenvólvense en ambos os cursos de maneira progresiva unha serie de **contidos comúns** en relación coas destrezas comunicativas fundamentais. Son os seguintes:

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.

-Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

-Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

En 1º de Bacharelato abórdanse en cada un dos bloques do currículo:

Lingua e texto.

-Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.

-Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas.

-Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.

-Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

-Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

-Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.

-Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.

-Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

A sociolingüística.

-A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións

fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.

-A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.

-A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

A literatura.

-A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

-A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.

-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

En 2º:

Lingua e texto.

-Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

-A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.

-As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.

-Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.

-Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.

-Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

A sociolingüística.

-As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

-Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

-Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

-O galego no 1o terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A literatura.

-A literatura do primeiro terzo do século XX:

* A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.

* A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

* O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.

-A literatura entre 1936 e 1976:

* A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.

* A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.

* O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.

-A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:

* Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

* Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

* Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

-Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

1º BAC.

OBJECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UNIDADE

1. A comunicación humana

Obxectivos

- Analizar e recoñecer os elementos que interveñen nun acto de comunicación, as funcións da linguaxe e o signo lingüístico.
 - Familiarizarse co funcionamento dunha biblioteca e dos seus arquivos informatizados, coñecer ben as súas seccións e valorar a súa utilidade na busca de información e no labor de estudo.
- Identificar o texto como unidade lingüística e os principais tipos de textos segundo a súa intención comunicativa.
- Distinguir as disciplinas lingüísticas, indentificar o obxecto de estudo da morfoloxía e recoñecer as clases de palabras e os seus trazos definatorios.

Contidos

- A comunicación. Os sinais.
- Tipos de sinais, segundo a súa natureza e segundo a relación entre o sinal e o que representa.
- A comunicación humana. Elementos do acto comunicativo. Outros códigos na comunicación humana. As funcións da linguaxe.
- O signo lingüístico. Características do signo lingüístico.
- A biblioteca. Seccións da biblioteca.
- O texto. Tipoloxía textual.
- A lingüística e as súas disciplinas.
- A morfoloxía. A palabra: clasificación.
- Recoñecemento dos distintos tipos de signos, segundo a súa natureza e segundo a relación entre o sinal e o que representa.
- Identificación dos principais elementos da comunicación humana.
- Distinción dos diferentes códigos de comunicación (substitutivos, paralingüísticos...) en diversas situacións comunicativas.
- Recoñecemento das funcións da linguaxe.
- Determinación das características do signo lingüístico.
- Uso dos diferentes catálogos e seccións dunha biblioteca.
- Distinción das unidades texto, parágrafo e oración e dos principais tipos de textos.
- Recoñecemento das principais disciplinas da lingüística e do seu obxecto de estudo.
- Identificación da disciplina da morfoloxía e da palabra como signo lingüístico dobremente articulado.
- Recoñecemento e clasificación das clases de palabras.
- Estimación da riqueza expresiva e comunicativa da linguaxe humana.
- Valoración positiva da utilidade dos catálogos da biblioteca na busca de información.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Clasificar razoadamente uns exemplos de sinais segundo sexan indicios, imaxes ou símbolos.
- Observar un esquema de síntese sobre os elementos do acto comunicativo.
- Indicar exemplos de actos comunicativos nos que se empregan códigos distintos á linguaxe verbal.
- Ler un esquema de síntese sobre as funcións da linguaxe.
- Crear un esquema sobre o signo lingüístico e as súas características.
- Comentar de xeito razoado sobre un exemplos de comunicación animal.
- Usar os diferentes catálogos e seccións dunha biblioteca.
- Redactar un texto axustándose a uns modelos dados.
- Ler un esquema de síntese sobre a tipoloxía textual.
- Discriminar as afirmacións certas ou falsas dunha serie sobre as disciplinas lingüísticas.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de monemas.
- Emparellar palabras de dúas columnas distintas que teñan a mesma estrutura morfolóxica.
- Localizar nun texto exemplos de diferentes clases de palabras.

2. A diversidade lingüística

Obxectivos

- Coñecer e valorar a diversidade lingüística do mundo, de Europa e da Península Ibérica en particular.
- Aplicar correctamente distintas técnicas de consulta e busca de información en Internet.
- Distinguir as características dos textos descritivos e os diferentes tipos de descrições.
- Identificar os trazos de flexión de xénero e número de substantivo e adxectivo, e tamén súa tipoloxía e o seu grao.

Contidos

- A diversidade lingüística no mundo. Clasificación das linguas segundo a súa orixe. Clasificación das linguas segundo a súa forma.
- As linguas de Europa.
- As linguas da Península Ibérica.
- Consulta en Internet. Pescuda por palabra clave. Pescuda por índices temáticos.
- Texto descritivo. Trazos lingüísticos. Tipos de descrições.
- O substantivo. Flexión de xénero e número. Clasificación do substantivo.
- O adxectivo. Flexión de xénero e número. Graos do adxectivo.
- Determinación das principais familias lingüísticas do mundo e clasificación destas linguas segundo sexan illantes, aglutinantes, sintéticas ou polisintéticas.
- Recoñecemento das principais linguas de Europa e clasificación das mesmas segundo a familia á

que pertencen.

- Identificación das linguas da Península Ibérica e establecemento das súas principais características.
- Coñecemento e uso de Internet.
- Recoñecemento dos trazos lingüísticos dos textos descritivos e dos seus tipos.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de descrições.
- Identificación, segundo distintos criterios, do substantivo e do adxectivo como clases de palabras.
- Determinación das variacións morfolóxicas do substantivo e das súas diferentes clases.
- Identificación das variacións morfolóxicas do adxectivo e dos seus distintos graos.
- Valoración positiva da diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.
- Respecto polo carácter plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica.
- Interese por coñecer e usar as novas tecnoloxías no ámbito do estudo, ademais de no lecer.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Clasificar unhas linguas segundo a familia lingüística á que pertencen.
- Ler un esquema de síntese sobre os tipos de linguas segundo a súa forma.
- Responder razoadamente a unhas cuestións sobre a diversidade lingüística na Península Ibérica.
- Observar un esquema de síntese sobre o texto descritivo e os seus tipos.
- Coñecer e aplicar distintos tipos de pescuda a través de Internet.
- Ler unha descrición de persoa e identificación do seu tipo; posterior localización no texto de adxectivos e indicación dos trazos das descrições que exemplifican unhas partes destacadas nel.
- Redactar unha descrición de persoa.
- Clasificar uns substantivos segundo o seu xénero.
- Transformar unhas oracións cambiando os substantivos de forma singular a plural.
- Clasificar uns substantivos segundo o concepto ao que se refiren.
- Ler un esquema de síntese sobre os graos do adxectivo.
- Determinar grao dos adxectivos presentes nunhas oracións.

3. O galego e o portugués

Obxectivos

- Recoñecer os trazos que emparentan galego e portugués, e tamén os que lles serven de contraste.
- Aplicar axeitadamente no estudo a técnica de uso de dicionarios especializados.
- Coñecer os trazos lingüísticos do texto narrativo e os elementos da narración.
- Distinguir atendendo a diferentes criterios o artigo e o pronome e recoñecer os diferentes tipos de artigos e pronomes determinantes.

Contidos

- O galego e o portugués. Dúas linguas irmás. Contrastes entre galego e portugués. O portugués no mundo. A dimensión internacional do galego.
- Os dicionarios especializados. Dicionarios temáticos. Vocabularios. Dicionarios técnicos da lingua.
- Texto narrativo. Trazos lingüísticos. Elementos da narración.
- O artigo. O artigo determinado. O artigo indeterminado. Combinacións do artigo.
- O pronome.
- O pronome determinante. Os demostrativos. Os posesivos. Os cuantificadores. Os identificadores. Os relativos, interrogativos e exclamativos.
- Distinción da orixe común de galego e portugués, das súas identidades e dos seus contrastes.
- Recoñecemento da expansión do portugués no mundo.
- Identificación da dimensión internacional do galego.
- Distinción e manexo dos principais tipos de dicionarios especializados.
- Recoñecemento dos trazos lingüísticos dos textos narrativos e dos elementos da narración.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de narracións.
- Identificación, segundo distintos criterios, do artigo e do pronome como clases de palabras.
- Determinación das particularidades morfolóxicas do artigo determinado e indeterminado.
- Identificación dos diferentes tipos de pronomes determinantes (demostrativos, posesivos, cuantificadores, identificadores, relativos, interrogativos e exclamativos) e das súas particularidades morfolóxicas.
- Valoración positiva da proximidade entre galego e portugués; e a potencialidade desta relación na dimensión internacional do galego.
- Interese polos dicionarios especializados como ferramenta de grande utilidade.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Describir a situación lingüística en Galicia antes e despois do século XII.
- Ler un esquema de síntese sobre as diferenzas entre o portugués e o galego.
- Redactar a versión galega duns textos xornalísticos escritos en portugués.
- Localizar nunha sopa de letras de sete países da Lusofonía.
- Definir exemplificar o concepto crioulo.
- Manexar diferentes tipos de dicionarios e vocabularios especializados.
- Observar un esquema de síntese sobre os trazos lingüísticos da narración.
- Identificar os trazos do texto narrativo que exemplifican as partes destacadas nun texto deste tipo; e posterior distinción do tipo de narrador que ten.

- Distinguir, con exemplos, dos pronomes persoais e dos pronomes determinantes.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de artigos.
- Redactar un texto completándoo cos artigos determinados e indeterminados axeitados.
- Ler un esquema de síntese sobre os tipos de pronomes determinantes cuantificadores.
- Localizar e clasificar os pronomes determinantes presentes nuns refráns.

4. A variabilidade lingüística

Obxectivos

- Establecer os factores que determinan as variedades sociais e situacionais e identificar as características dos diferentes niveis de lingua e rexistros.
- Utilizar diferentes técnicas de memorización como recurso para facilitar o estudo.
- Coñecer os trazos lingüísticos do texto expositivo, a súa estrutura e os seus tipos.
- Recoñecer e usar correctamente as formas dos diferentes pronomes persoais tónicos e átonos.

Contidos

- A variabilidade lingüística.
- As variedades sociais ou sinstráticas. Nivel culto. Nivel medio. Nivel popular. Nivel vulgar.
- As variedades situacionais ou sinfásicas.
- Técnicas de memorización. O esquema de chaves. Os acrónimos. O relato creativo.
- Texto expositivo. Trazos lingüísticos. Estrutura do texto expositivo. Tipos de texto expositivo.
- O pronome persoal. Pronomes persoais tónicos. Pronomes persoais átonos.
- Recoñecemento da variabilidade lingüística.
- Establecemento dos factores sociais e culturais que propician as variedades sinstráticas.
- Recoñecemento das principais características dos niveis culto, medio, popular e vulgar.
- Distinción dos factores contextuais que orixinan as variedades sinfásicas.
- Identificación dos diferentes rexistros e determinación dos factores que inflúen na utilización dun ou doutro.
- Aplicación de técnicas e recursos de memorización.
- Distinción dos trazos lingüísticos dos textos expositivos e da súa estrutura e tipos.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de textos expositivos.
- Identificación o pronome persoal tónico e das súas variedades morfolóxicas.
- Recoñecemento do pronome persoal átono, das súas variedades morfolóxicas e das súas particularidades (pronome reflexivo, pronome de solidariedade e dativo de interese).
- Establecemento das posicións correctas do pronome átono na oración e das súas diferentes posibilidades de combinación.

- Interese por coñecer os factores sociais que determinan as variantes sinstráticas da lingua.
- Valoración da riqueza expresiva das variedades sinfásicas.
- Interese por coñecer e aplicar diferentes recursos mnemotécnicos.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Observar un esquema de síntese sobre as variedades da lingua.
- Asociar uns enunciados coas variedades da lingua que exemplifican.
- Explicar de forma resumida os factores culturais e sociais que condicionan as variedades sinstráticas.
- Ler un esquema de síntese sobre os niveis de lingua.
- Comprender unha táboa con exemplos de voces equivalentes no seu significado pero con distinto nivel de lingua.
- Analizar de maneira pautada os niveis de lingua que presenta a lectura da unidade.
- Definir e exemplificar as variedades sinfásicas.
- Aplicar distintos métodos de memorización.
- Localizar na unidade dun texto expositivo e exemplificar os seus trazos máis importantes.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de pronome persoal.
- Localizar e clasificar os pronomes persoais dun texto.
- Ler un esquema de síntese sobre o pronome de solidariedade e o pronome de interese.
- Copiar unhas oracións incluíndo nelas te ou che nos lugares axeitados.
- Identificar a oración anterior que contén un pronome de solidariedade e da que ten un pronome de interese.
- Redactar oracións que conteñan pronomes reflexivos correctos.

5. Formación do galego

Obxectivos

- Coñecer as orixes e a formación histórica da nosa lingua e valorar a contribución do latín como a súa base fundamental.
- Aplicar unha técnica que permite a toma de apuntamentos de forma clara e sistemática.
- Identificar os principais trazos lingüísticos do texto argumentativo e os diferentes tipos de argumentacións.
- Recoñecer, atendendo a diferentes criterios, o verbo como clase de palabra; as características e a conjugación dos verbos regulares e irregulares e o uso das formas amodotemporais e das perífrases verbais.

Contidos

- A formación do galego. Síntese histórica. O substrato prerromano. A romanización. O superestrato.
- A toma de apuntamentos. Uso de abreviaturas e símbolos.
- Texto argumentativo. Trazos lingüísticos. Estrutura do texto argumentativo. Tipos de argumentacións.
- O verbo (I).
- O verbo regular. Estrutura. A conjugación verbal.
- Recoñecemento das distintas etapas de formación do galego: substrato, romanización e superestrato.
- Aplicación correcta da técnica que facilita unha toma de apuntamentos clara e ordenada.
- Determinación dos trazos lingüísticos dos textos argumentativos e da súa estrutura e tipos.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de textos argumentativos.
- Identificación, segundo distintos criterios, do verbo como clase de palabra.
- Determinación da morfoloxía do verbo regular, atendendo á súa estrutura, conjugación e categorías verbais.
- Recoñecemento da estrutura morfolóxica dos verbos regulares das tres conjugacións.
- Identificación dos valores, usos e formas do tempos e modos verbais.
- Distinción dos diferentes aspectos verbais e a súa concreción en cada tempo.
- Valoración do galego como idioma xurdido do latín e irmán das demais linguas romances.
- Interese por defender as propias opinións de forma organizada e argumentada.
- Hábito de facer unha toma de apuntamentos clara e ordenada.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Observar un esquema de síntese sobre as etapas na formación do galego.
- Clasificar unhas palabras segundo se orixinasen no substrato, no estrato ou no superestrato.
- Elixir a opción que completa adecuadamente unhas afirmacións sobre a orixe do galego.
- Realizar un esquema sobre as fases de adopción da lingua latina na época da romanización.
- Ler un esquema de síntese sobre os tipos de argumentos pola súa natureza.
- Redactar un texto argumentativo de acordo cos trazos estudados.
- Poñer en práctica a técnica de toma de apuntamentos.
- Caracterizar o verbo segundo o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Observar un esquema de síntese sobre os constituíntes do verbo.
- Segmentar unhas formas verbais nos seus constituíntes.
- Ler un esquema de síntese sobre os diferentes tempos verbais.
- Identificar a forma que corresponde a uns trazos número-persoais e modotemporais duns verbos.
- Transformar unhas oracións mudando o tempo dos verbos de presente indicativo a pretérito de

indicativo.

6. O galego na Idade Media

Obxectivos

- Coñecer a evolución da lingua galega durante a Idade Media.
- Dominar unha técnica que permite elaborar resumos de todo tipo de textos.
- Coñecer os trazos lingüísticos fundamentais do texto instrutivo e os seus tipos.
- Recoñecer o adverbio, a preposición e a conxunción e as súas respectivas locucións a través de diferentes criterios e dominar as súas características e o seu uso.

Contidos

- O galego na Idade Media. Síntese histórica. O esplendor medieval.
- O resumo.
- Texto instrutivo. Trazos lingüísticos. Tipos de texto instrutivo.
- O verbo irregular.
- As formas amodotemporais. O infinitivo. O xerundio. O participio.
- As perífrases verbais.
- Determinación da situación do galego durante a época medieval.
- Elaboración dun resumo.
- Determinación dos trazos lingüísticos dos textos instrutivos e dos seus tipos.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de textos instrutivos.
- Determinación da morfoloxía do verbo irregular, tendo en conta as irregularidades na raíz e na vogal temática e as irregularidades nos morfemas flexionais.
- Recoñecemento das formas amodotemporais do verbo.
- Distinción dos diferentes tipos de perífrases verbais.
- Valoración do período medieval da nosa lingua como exemplo de desenvolvemento plenamente normalizado do galego.
- Aprecio pola corrección na elaboración de todo tipo de escritos.
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise.

Avaliación

- Determinar se unhas oracións sobre o noso contexto histórico medieval son certas ou falsas; posterior transformación das oracións falsas en certas,
- Ler un esquema de síntese sobre os trazos básicos do galego medieval.
- Recoñecer nun texto medieval dos trazos propios do galego desta época.
- Realizar o resumo dun texto aplicando as técnicas estudadas.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de textos instrutivos.

- Identificar os trazos dunha receita de cociña que a caracterizan como texto instrutivo; e posterior clasificación deste segundo sexa director ou técnico.
- Comprender se unhas oracións teñen formas acaídas dos verbos irregulares que se indican; e posteriormente análizalos morfolóxicamente.
- Observar un esquema de síntese sobre as formas amodotemporais do verbo.
- Exemplificar mediante oracións do uso correcto do infinitivo conxugado.
- Elaborar un esquema sobre as formas regulares e irregulares de varios participios.
- Ler un esquema de síntese sobre a estrutura das perífrases verbais.
- Identificar as perífrases dunhas oracións e clasificación destas segundo as ideas que expresan.

7. O galego: da decadencia ao rexurdir

Obxectivos

- Coñecer a evolución da lingua galega desde os Séculos Escuros ao século XIX.
- Aplicar correctamente unha técnica para a preparación de exames.
- Determinar os trazos lingüísticos do texto dialogado e dominar as diferentes formas de presentar o diálogo na narración.
- Recoñecer o adverbio, a preposición e a conxunción e as súas respectivas locucións a través de diferentes criterios e dominar as súas características e o seu uso.

Contidos

- Da decadencia ao rexurdir. Síntese histórica. A decadencia (sécs. XV-XVIII). O rexurdir (séc. XIX).
- Preparación de exames. Fases na preparación de exames. Tipos de exames.
- Texto dialogado. Trazos lingüísticos. O diálogo na narración.
- O adverbio. Locucións adverbiais. Tipos de adverbios.
- A preposición. As preposicións galegas.
- A conxunción. Locucións conxuntivas. Tipos de conxuncións.
- Identificación da situación do galego durante os Séculos Escuros.
- Recoñecemento da situación do galego durante o século XIX.
- Aplicación de técnicas de preparación de exames.
- Recoñecemento dos trazos lingüísticos dos textos dialogados.
- Determinación das diferentes formas de presentación do diálogo na narración: estilo directo, indirecto e indirecto libre.
- Aplicación de técnicas e recursos para a elaboración de textos dialogados.
- Identificación, segundo distintos criterios, do adverbio, da preposición e da conxunción como clases de palabras.

- Distinción dos tipos de adverbios e locucións adverbiais e das súas funcións.
- Recoñecemento das preposicións e locucións prepositivas e dos seus usos e funcións.
- Identificación e clasificación das conxuncións e locucións conxuntivas.
- Valoración dos esforzos dos ilustrados e dos autores do Rexurdimento a prol da normalización do galego.
- Interese por coñecer as características das distintas etapas da historia da nosa lingua.
- Respecto as regras que rexen o intercambio comunicativo nos diálogos.
- Aprecio polas técnicas de estudo e de preparación de exames como método para o desenvolvemento persoal.

Avaliación

- Ler un esquema de síntese sobre o contexto histórico na época de decadencia (sécs. XV-XVIII) e na de rexurdir (séc. XIX).
- Seleccionar a opción que completa correctamente uns enunciados sobre a situación do galego neste período.
- Resumir nunha táboa os feitos que supuxeron un avance ou retroceso para o galego no século XIX.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de diálogo na narración.
- Localizar os verba dicendi dun texto; e posterior transformación do diálogo directo dese texto en indirecto.
- Ler un esquema de síntese sobre os trazos caracterizadores do adverbio, a preposición e a conxunción.
- Localizar e clasificar todos os adverbios e locucións adverbiais dun texto..
- Identificar as preposicións e locucións prepositivas presentes nuns refráns.
- Copiar unhas oracións completándoas coas conxuncións axeitadas e posterior clasificación destas.

8. Os xéneros literarios

Obxectivos

- Distinguir lingua non-literaria de lingua literaria e recoñecer as características básicas desta última.
- Caracterizar os trazos básicos da comunicación literaria e da obra literaria.
- Diferenciar os xéneros literarios máis importantes.
- Definir lírica distinguindo as características das súas manifestacións cultas e populares.
- Determinar os trazos definidores da narrativa analizando os elementos os seus textos.
- Recoñecer as principais características do xénero dramático.
- Definir a través de textos os trazos propios doutros xéneros como a didáctica, o periodismo, a

oratoria ou a historia.

- Amosar interese polos distintos xéneros literarios como formas de expresar inquietudes culturais.

Contidos

- A lingua literaria.

- A comunicación literaria: a obra literaria.

- Os xéneros literarios.

- A lírica.

- Elementos configuradores da lírica.

- Principais subxéneros líricos.

- A narrativa.

- Elementos configuradores da narración.

- Principais subxéneros narrativos.

- A dramática: o teatro.

- Elementos configuradores da obra dramática.

- A didáctica.

- O periodismo.

- A oratoria.

- A historia.

- Identificación das características da lingua literaria.

- Recoñecemento dos trazos característicos dun texto lírico.

- Análise de textos poéticos.

- Identificación das características dun texto narrativo.

- Análise de textos narrativos.

- Identificación das características dun texto teatral.

- Reflexión sobre os principais elementos do teatro.

- Recoñecemento das características da didáctica.

- Distinción dos trazos principais do periodismo.

- Identificación dos trazos característicos da oratoria.

- Recoñecemento dos principais trazos da historia.

- Valoración da literatura como fonte de pracer e como alternativa para o lecer.

- Interese polos distintos xéneros literarios como camiños para expresar as inquietudes culturais.

Avaliación

- Ler un esquema de síntese sobre as características da lingua literaria.

- Determinar os elementos do acto de comunicación literaria asociados a diversas obras de distintos xéneros.

- Observar un esquema de síntese sobre os trazos básicos da lírica e das modalidades e subxéneros da lírica.
- Determinar, a partir de dous textos poéticos, dos seus trazos métricos, de rima e temáticos, e clasificar estes segundo correspondan á lírica culta ou popular.
- Pescudar as mostras de lírica popular e clasificación destas polo seu contido.
- Ler un esquema de síntese sobre os elementos básicos da narrativa.
- Identificar nun relato de Castelao dos elementos propios do xénero narrativo: narrador, personaxes, espazo...
- Complender correctamente uns enunciados sobre outros xéneros literarios: historia, periodismo, oratoria...
- Ler uns textos literarios e determinación xustificada do xénero ao que pertencen.

9. A lírica medieval (I)

Obxectivos

- Recoñecer as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia medieval.
- Determinar as orixes e características da lírica galego-portuguesa e os seus principais xéneros.
- Valorar a importancia da lírica medieval galego-portuguesa como expoñente cultural de primeira orde na Europa do seu tempo.
- Distinguir, a través de textos, as características e modalidades das cantigas de amigo.
- Comentar a cantiga de amigo «Ai flores, ai flores do verde pino» de Don Denís.

Contidos

- O contexto histórico, social e cultural da Galicia Medieval.
- A lingua galega na Idade Media.
- As orixes da lírica galego-portuguesa.
- A relación da lírica galego-portuguesa coa provenzal.
- O ámbito social.
- O ámbito social e xeográfico.
- Os autores e intérpretes das cantigas trobadorescas.
- Os cancioneros da lírica medieval.
- Os xéneros líricos medievais.
- A cantiga de amigo.
- Identificación das características históricas, sociais e culturais da Galicia medieval.
- Recoñecemento das características do galego da Idade Media.
- Análise das distintas teses sobre as orixes da lírica galego-portuguesa.
- Identificación das principais vías de penetración da lírica provenzal na nosa cultura.

- Recoñecemento dos ámbitos social e xeográfico da lírica galego-portuguesa.
- Identificación dos principais autores e intérpretes das cantigas medievais.
- Análise das características dos principais cancioneros.
- Identificación dos xéneros líricos medievais e distinción dos mesmos en principais e secundarios.
- Recoñecemento dos trazos de contido, as variedades e os campos sémicos da cantiga de amigo.
- Análise dos elementos formais da cantiga de amigo: recursos, estilo, linguaxe, métrica e rima.
- Aplicación dun método de comentario a unha cantiga de amigo.
- Interese pola lectura e a comprensión das cantigas de amigo.
- Valoración da lírica medieval galega como un dos expoñentes da máis brillantes da literatura europea da época.

Avaliación

- Seleccionar a opción que completa adecuadamente uns enunciados sobre o contexto político, social, económico, cultural e lingüístico da literatura galega medieval.
- Ler un esquema de síntese sobre as fontes documentais máis importantes da lírica galego-portuguesa.
- Ler un poema actual que xira arredor dos nosos trobadores medievais e investigación pautada sobre eles.
- Observar un esquema de síntese sobre os xéneros da lírica galego-portuguesa.
- Recoñecer xustificadamente o xénero ao que corresponden uns exemplos de cantigas medievais.
- Ler un esquema de síntese sobre as características de contido e de forma das cantigas de amigo.
- Determinar razoadamente os campos sémicos dominantes en dous fragmentos de cantigas de amigo.
- Analizar métrica e de rima dunha cantiga de amigo, coa súa anotación correspondente.

10. A literatura medieval (II)

Obxectivos

- Distinguir, a través da análise de textos, os principais trazos (formais e de contido) e as modalidades da cantiga de amor.
- Recoñecer, a través da análise de textos, as características (formais e de contido) e as modalidades da cantiga de escarnio e maldicir.
- Comentar de forma pautada a cantiga de amor «Por non saberen qual ben desegei», de Fernán Gonçalvez de Seabra.
- Amosar interese por ler cantigas de amor e de escarnio e maldicir e apreciar o valor lúdico e humorístico destas últimas.

Contidos

- A cantiga de amor.
- O contido da cantiga de amor: voz, interlocutores, campos sémicos.
- A forma da cantiga de amor: clasificación, recursos, estilo e linguaxe.
- A cantiga de escarnio e maldicir.
- O contido da cantiga de escarnio e maldicir: clasificación e campos sémicos.
- A forma da cantiga de escarnio e maldicir: clasificación, recursos, estilo e linguaxe.
- Identificación dos trazos de orixe, voz, interlocutores e campos sémicos da cantiga de amor.
- Análise dos elementos formais (métrica, rima, recursos, linguaxe, estilo) e da tipoloxía da cantiga de amor.
- Identificación dos trazos de orixe e campos sémicos da cantiga de escarnio e maldicir; e determinación da súa tipoloxía.
- Análise dos elementos formais (recursos, linguaxe, estilo) da cantiga de escarnio e maldicir.
- Aplicación do método de comentario de textos para analizar unha cantiga de amor.
- Interese por ler cantigas de amor e de escarnio e maldicir.
- Aprecio o valor lúdico e humorístico das cantigas de escarnio e maldicir.

Avaliación

- Ler un esquema de síntese sobre o contido e a forma das cantigas de amor.
- Discriminar as afirmacións correctas dunha serie sobre as cantigas de amor.
- Identificar o campo sémico propio das cantigas de amor ao que pertencen unhas series de palabras.
- Localizar no Apéndice do libro dunha cantiga de amor de refrán e doutra de mestría.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de cantigas de escarnio e maldicir e os seus campos sémicos.
- Ler un esquema de síntese sobre os recursos específicos da cantiga de escarnio e maldicir.
- Redactar un texto humorístico no que se empreguen os recursos do equívoco e da ironía.
- Ler de dúas cantigas de escarnio e maldicir e analizar os seus trazos básicos á luz do estudado na unidade.

11. A literatura medieval (III)

Obxectivos

- Distinguir os xéneros menores e recoñecer nos textos os trazos propios de cada modalidade.
- Establecer as fontes, tipos e características das *Cantigas de Santa María*.
- Recoñecer as orixes e os principais núcleos temáticos da prosa narrativa medieval e tamén coñecer os principais textos historiográficos, haxiográficos, didácticos e xurídicos galego-portugueses.
- Desenvolver o comentario de texto da cantiga de Santa María: «Como Deus fez vivvo d'agua ant'archeteclinno».

Contidos

- Os xéneros menores da lírica medieval: pastorela, tenzón, pranto e cantiga de seguir.
- A lírica relixiosa: as Cantigas de Santa María.
- A prosa medieval galego-portuguesa: os ciclos narrativos, a historiografía e os textos haxiográficos, didácticos e xurídicos.
- Análise das características específicas dos xéneros menores.
- Identificación das características das Cantigas de Santa María: autoría, fontes, tipos...
- Recoñecemento dos principais núcleos temáticos da narrativa galego-portuguesa.
- Identificación das características e os principais textos da historiografía galego-portuguesa.
- Distinción dos textos haxiográficos, didácticos e xurídicos galego portugueses.
- Análise dunha cantiga de Santa María aplicando o método de comentario de texto.
- Interese polos xéneros menores como mostra da variedade de manifestacións líricas da Idade Media.
- Valoración das Cantigas de Santa María como o máis importante cancionero relixioso medieval.

Avaliación

- Ler un esquema de síntese sobre os trazos formais e temáticos da pastorela.
- Comprender un esquema sobre a relación duns trazos da pastorela con outros xéneros da nosa lírica medieval.
- Observar un esquema de síntese sobre os trazos formais e temáticos da tenzón.
- Clasificar unhas palabras segundo a serie lexical das tenzóns á que pertencen.
- Ler un esquema de síntese sobre os trazos formais e temáticos do pranto e da cantiga de seguir.
- Ler e resumir un fragmento de cantiga medieval e indicación razoada do xénero menor ao que pertence.
- Observar un esquema de síntese sobre os tipos de Cantigas de Santa María.
- Copiar unhas afirmacións sobre as Cantigas de Santa María completándoas coherentemente á luz do estudado na unidade.
- Redacción dun texto que poña en relación o estudado sobre as Cantigas de Santa María co visto na lectura da unidade.
- Observar un esquema de síntese sobre os diferentes tipos e mostras da nosa prosa medieval: prosa narrativa, prosa historiográfica, prosa haxiográfica, prosa didáctica e xurídica.
- Ler un texto da nosa prosa medieval e identificación xustificada do tipo ao que pertence.

12. Os Séculos Escuros

Obxectivos

- Recoñecer as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas de Galicia entre os séculos

XV e XVIII.

- Identificar as causas da decadencia da poesía trobadoresca.
- Distinguir as principais características e mostras da poesía popular oral, da poesía culta ou erudita, da narrativa popular e do teatro dos Séculos Escuros.
- Coñecer e valorar a obra dos ilustrados galegos.
- Comentar de forma pautada o poema «Respice Finem», de Pedro Vázquez de Neira.

Contidos

- Os Séculos Escuros: contexto histórico.
- A situación lingüística.
- A decadencia da poesía trobadoresca.
- A literatura galega dos séculos XVI e XVII: a poesía popular, a erudita, o vilancico, a narrativa e o teatro.
- O século XVIII: os ilustrados.
- Identificación dos principais trazos históricos, sociais e culturais dos Séculos Escuros.
- Recoñecemento da situación do galego na época.
- Discriminación das causas da decadencia.
- Recoñecemento das principais características da poesía popular oral.
- Identificación das principais mostras e autores da poesía culta e erudita.
- Determinación da tradición, a temática e a difusión do vilancico.
- Análise das modalidades e características da prosa popular.
- Identificación dos trazos de autoría e temática do teatro.
- Aplicación do método de comentario de texto a un soneto dos Séculos Escuros.
- Estimación a riqueza da nosa literatura popular.
- Recoñecemento da importancia do labor intelectual e literario dos ilustrados.

Avaliación

- Seleccionar a opción que completa adecuadamente uns enunciados sobre acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais dos Séculos Escuros.
- Redactar un resumo da situación da lingua galega na súa época de decadencia á luz do visto na unidade.
- Ler uns esquemas de síntese sobre a decadencia da poesía trobadoresca e sobre os tipos de poesía popular e de poesía culta neste período.
- Analizar a estrutura formal dun romance das Festas Minervais de 1697.
- Crear un esquema sobre o vilancico galego durante os Séculos Escuros.
- Ler e analizar o contido dun vilancico á luz do estudado na unidade.
- Observar un esquema de síntese sobre as modalidades narrativas populares máis importantes: o

conto e a lenda.

- Seleccionar un conto e unha lenda de antoloxías e identificación razoada dos seus trazos definatorios.
- Observar un esquema de síntese sobre as pezas teatrais galegas conservadas deste período.
- Ler un esquema de síntese sobre os ilustrados galegos máis importantes.
- Ler un texto do Frei Martín Sarmiento e comentario xustificando da súa relación co estudado na unidade.

13. Rexurdimento (I)

Obxectivos

- Identificar as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia do século XIX.
- Caracterizar as manifestacións literarias máis importantes do comezo do século XIX e dos Precusores do Rexurdimento.
- Determinar os factores que deron orixe ao Rexurdimento e, a través de textos, as características xerais da obra de narradores e dramaturgos deste período.
- Comentar, de forma pautada, un fragmento de *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos.

Contidos

- O contexto histórico, social, cultural e lingüístico do século XIX.
- A literatura no primeiro terzo do século XIX.
- Os precusores do Rexurdimento e a súa obra.
- O Rexurdimento.
- A narrativa do Rexurdimento.
- O teatro do Rexurdimento.
- Identificación dos principais acontecementos históricos, sociais e culturais da Galicia do século XIX.
- Determinación da situación do galego durante o século XIX.
- Recoñecemento e caracterización das manifestacións literarias de comezos do século XIX.
- Identificación dos principais precusores e das características xerais da súa obra.
- Recoñecemento dos factores que orixinaron o Rexurdimento.
- Determinación das características xerais do Rexurdimento.
- Identificación dos principais narradores do Rexurdimento e caracterización da súa obra.
- Recoñecemento dos principais dramaturgos do Rexurdimento e caracterización da súa obra.
- Aplicación do método do comentario de textos para a análise dun poema de Xoán Manuel Pintos.
- Gusto polo coñecemento e a lectura de obras literarias do Rexurdimento.
- Interese por emitir xuízos persoais argumentados no comentario literario.

- Valoración do labor dos autores do século XIX e do Rexurdimento en particular como decisivo para a recuperación lingua e da literatura galegas.

Avaliación

- Identificar a clase social da Galicia do século XIX á que se lle aplican unhas afirmacións.
- Caracterizar nun esquema a situación lingüística en Galicia no século XIX.
- Ler un esquema de síntese sobre a literatura do 1.o terzo do século XIX.
- Redactar un texto sobre as principais características da obra dos precursores do Rexurdimento.
- Ler un poema de Xoán Manuel Pintos e análise pautado dos seus trazos formais e de contido á luz do estudado na unidade.
- Ler un esquema de síntese sobre as causas deron orixe ao Rexurdimento.
- Identificar as afirmacións dunha serie que describen as características propias do Rexurdimento.
- Observar un esquema de síntese sobre a vida e a obra de Marcial Valladares.
- Elaborar esquemas de síntese sobre os outros narradores do Rexurdimento seguindo o modelo anterior.
- Ler un esquema de síntese sobre o teatro do Rexurdimento.
- Seleccionar a opción que completa adecuadamente unhas afirmacións sobre o teatro do Rexurdimento.
- Identificar os trazos de contido máis importantes dun fragmento da obra teatral Pedro Madruga, de Xoán Cuveiro Piñol.

14. Rexurdimento (II)

Obxectivos

- Coñecer as principais características formais e temáticas da obra de Rosalía de Castro a través da lectura e análise dos seus textos.
- Distinguir, a través dos seus poemas, os trazos formais e de contido da obra de Eduardo Pondal.
- Identificar os elementos formais e de contido característicos da obra de Curros Enríquez a través dos seus textos.
- Apreciar a contribución dos poetas do Rexurdimento á recuperación da nosa lingua e a nosa literatura.
- Comentar, de forma pautada, o poema «Os pinos», de Eduardo Pondal.

Contidos

- A lírica do Rexurdimento.
- Datos biográficos e produción literaria de Rosalía de Castro.
- Liñas temáticas, métrica, lingua e estilo da poesía de Rosalía.
- Datos biográficos e produción literaria de Eduardo Pondal.

- Liñas temáticas da poesía de Eduardo Pondal: celtismo, bardismo, helenismo, paisaxe, a muller.
- Lingua, métrica e estilo da poesía de Pondal.
- Datos biográficos e produción literaria de Manuel Curros Enríquez.
- Liñas temáticas da poesía de Curros: liña cívica, intimista e costumista.
- Lingua, métrica e estilo da poesía de Curros.
- Identificación das liñas temáticas, a lingua, a métrica e o estilo das principais obras de Rosalía de Castro.
- Análise das liñas temáticas, a lingua o estilo e métrica da obra de Eduardo Pondal.
- Identificación da temática, da lingua e estilo usados na poesía de Curros Enríquez.
- Aplicación do método de comentario de texto a un fragmento dun poema de Eduardo Pondal.
- Interese pola lectura da obra dos grandes poetas do noso Rexurdimento.
- Valoración positiva da contribución dos poetas do Rexurdimento á recuperación da nosa lingua e a nosa literatura.

Avaliación

- Clasificar uns datos biográficos segundo correspondan a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Manuel Curros Enríquez.
- Anotar os trazos temáticos e formais das obras de Rosalía de Castro.
- Ler un esquema de síntese sobre as liñas temáticas de Rosalía de Castro.
- Ler un poema de Rosalía de Castro e identificación razoada da súa liña temática.
- Observar un esquema de síntese sobre as distintas manifestacións da liña cívico-patriótica de Eduardo Pondal.
- Pescudar por parellas de poemas de Queixumes dos pinos que exemplifiquen ben as diferentes manifestacións da liña cívico-patriótica de Eduardo Pondal.
- Ler un esquema de síntese sobre as liñas temáticas de Manuel Curros Enríquez.
- Ler dúas noticias sobre os centenarios do Himno galego e da morte de Curros Enríquez e comentario razoado da relación que manteñen entre si e cos contidos vistos na unidade.
- Determinar xustificadamente as obras ás que corresponden dúas estrofas de Pondal e de Curros Enríquez.

5.1. Contidos mínimos esixíbeis

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica.

- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio comunicativo.
- Busca, obtención selección e integración procedente de formas diversas.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva.
- Interese pola literatura como fonte de formación e satisfacción persoal.
- Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico e os seus tipos, analizándoo en producións alleas.
- Caracterización dos distintos tipos de textos: descritivo, expositivo, narrativo, argumentativo e dialogado.
- Coñecemento do proceso de formación da lingua galega, así como a súa historia e distintas etapas: Idade Media, Séculos Escuros e Rexurdimento.
- Comprensión da diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- Distinción entre o concepto de literatura, o texto literario e os diversos xéneros.
- Identificación das distintas etapas da literatura galega: medieval, nos Séculos escuros e no século XIX.

2º BAC.

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UNIDADE

1. As funcións sociais da lingua

Obxectivos

- Analizar e recoñecer as funcións sociais da lingua e como estas repercuten na vitalidade dun idioma.
- Distinguir linguas minorizadas e linguas minoritarias.
- Aplicar correctamente técnicas para a elección dun tema e dun título para un traballo escrito.
- Identificar o texto como unidade lingüística e as propiedades textuais da coherencia, a cohesión e a adecuación.
- Distinguir a fonética e a fonoloxía como disciplinas lingüísticas; identificar o seu obxecto de estudo; recoñecer as clases de palabras e os seus trazos definitorios.

Contidos

- As funcións sociais das linguas. A funcionalidade lingüística. Función de identidade. Función

familiar. Función laboral. Función local. Función institucional. Función cultural. Función internacional. **C**

- Funcionalidade e «saúde» das linguas. **C**

- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. Lingua dominante, lingua minorizada e lingua minoritaria. **C**

- O traballo escrito: elección do tema e do título. **C**

- O texto e as propiedades textuais. O texto. As propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. **C**

- Fonoloxía e fonética. **C**

- A produción dos sons. **C**

- O sistema vocálico. As vogais na cadea falada. **C**

- O sistema consonántico. As consoantes na cadea falada. **C**

- A entoación. **C**

- Recoñecemento das principais funcións sociais das linguas: de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional. **P**

- Posta en relación da funcionalidade lingüística coa saúde e a vitalidade dunha lingua. **P**

- Distinción das linguas dominantes, das linguas minorizadas e das linguas minoritarias. **P**

- Aplicación de técnicas e recursos para a elección do tema e do título dun traballo escrito. **P**

- Recoñecemento do texto como unidade comunicativa e das principais propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. **P**

- Recoñecemento das disciplinas lingüísticas da fonoloxía e da fonética e do seu obxecto de estudo.

P

- Identificación dos elementos que interveñen na produción de sons. **P**

- Recoñecemento dos sons vocálicos da lingua galega e do comportamento destes vogais na cadea falada. **P**

- Distinción dos sons consonánticos da lingua galega e do comportamento destes consoantes na cadea falada. **P**

- Identificación das características da entoación e dos modelos básicos de entoación estándar do galego. **P**

- Actitude crítica ante os procesos de minorización das linguas. **V**

- Valoración positiva do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. **V**

- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. **V**

- Rexeitamento de prexuízos relacionados con variedades dialectais como a gheada e o seseo. **V**

Avaliación

- Observación dun esquema de síntese sobre as funcións sociais da lingua.
- Descrición, con exemplos, das funcións sociais da lingua que aparecen no esquema anterior.
- Lectura dun texto sobre a funcionalidade actual do galego no contexto dun mundo globalizado e posta en relación deste texto cos conceptos de lingua dominante, lingua minorizada e lingua minoritaria.
- Definición de texto sinalando os seus trazos básicos e os elementos que compoñen a súa estrutura.
- Representación gráfica do triángulo vocálico galego a partir dunhas palabras que conteñen as sete vogais galegas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os encrontos de vogais: hiato, ditongo e tritongo.
- Clasificación dunhas palabras segundo as vogais destacadas nelas constitúan hiatos ou ditongos; e distinción nestes últimos dos crecentes, decrecentes e homoxéneos.
- Elaboración da táboa do sistema consonántico do galego estándar e especificación dos cambios que esta sofre nas falas dialectais das Rías Baixas e da Limia Baixa.
- Identificación do son consonántico que corresponde ás letras destacadas nunhas palabras.
- Distinción dunhas afirmacións certas e falsas sobre a entoación en galego.

2. Conflito e diglosia

Obxectivos

- Distinguir adecuadamente os conceptos de bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.
- Recoñecer e rexeitar razoadamente os principais prexuízos que afectan á lingua galega.
- Aplicar correctamente distintas técnicas na busca de información para un traballo escrito.
- Distinguir a importancia dos parágrafos na coherencia textual e os seus tipos.
- Identificar as unidades morfosintácticas, e tamén os tipos de frases e de oracións.

Contidos

- Bilingüismo. **C**
- Diglosia. **C**
- O conflito lingüístico. **C**
- Os prexuízos lingüísticos. Clasificación dos prexuízos lingüísticos. **C**
- O traballo escrito: busca de información: as ideas e a investigación. **C**
- Coherencia: os parágrafos: tipos de parágrafos. **C**
- A morfosintaxe. Unidades morfosintácticas: monema, palabra, frase e oración. **C**

- A frase: frase nominal, frase adxectiva, frase verbal, frase adverbial, frase preposicional. C
 - A oración: clasificación de oracións. C
 - Recoñecemento dos conceptos de bilingüismo e de diglosia. P
 - Identificación da situación de conflito lingüístico en Galicia. P
 - Coñecemento dos diferentes tipos de prexuízos lingüísticos. P
 - Aplicación de técnicas e recursos para a busca de información dun traballo escrito. P
 - Distinción da coherencia que adquire un texto a través de diferentes tipos de parágrafos. P
 - Identificación das principais unidades morfosintácticas: monema, palabra, frase e oración. P
 - Determinación dos tipos de frases: frase nominal, frase adxectiva, frase verbal, frase adverbial, frase preposicional. P
 - Clasificación das oracións atendendo diferentes criterios: actitude do falante, natureza do predicado, presenza ou non de suxeito e a súa estrutura. P
 - Actitude crítica ante a diglosia como síntoma da situación de conflito lingüístico. V
 - Rexeitamento razoado dos prexuízos lingüísticos que provocan en Galicia a situación de diglosia.
- V
- Valoración positiva do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V
 - Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Identificación do enunciado que completa adecuadamente unhas afirmacións sobre o bilingüismo e a diglosia.
- Observación dun esquema de síntese sobre a diglosia.
- Redacción dun texto que aborde razoadamente o tema: «conflito lingüístico e diglosia»
- Lectura duns textos xornalísticos e indicación do prexuízo que axuda a combater o contido de cada un deles.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos e parágrafos.
- Redacción dun texto cun número e un tipo determinado de parágrafos
- Definición de morfosintaxe e creación dun esquema sobre as unidades morfosintácticas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os diferentes tipos de frases.
- Recoñecemento do tipo ao que corresponden as frases destacadas nun texto e identificación da súa estrutura.
- Creación dun esquema sobre os tipos de oracións segundo a natureza do predicado e introdución nel dunhas oracións dadas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de oracións sen suxeito.

- Transformación dunhas oracións pasivas reflexas en pasivas perifrásticas, e viceversa.

3. O galego en vías de normalización

Obxectivos

- Recoñecer o proceso de normalización lingüística e a súa necesidade no contexto de Galicia.
- Coñecer as principais disposicións legais que afectan directamente á lingua galega.
- Aplicar axeitadamente técnicas e recursos na organización da información do traballo escrito.
- Distinguir a importancia da estrutura lóxica e da estrutura textual na coherencia dos textos.
- Identificar a oración simple e as funcións que se desenvolven dentro dela.
- Aplicar correctamente a técnica de análise morfosintáctica arbórea na oración simple.

Contidos

- A normalización lingüística. C
- A planificación lingüística. C
- A lexislación sobre a lingua galega. C
- As campañas institucionais. C
- O traballo escrito: organización da información: formas básicas de organización. C
- Coherencia: estrutura lóxica e estrutura textual. C
- A oración simple. C
- Funcións sintácticas da oración simple: predicado, suxeito, obxecto directo, complemento de réxime, obxecto indirecto, complemento circunstancial, atributo, complemento predicativo e complemento axente. C
- A análise morfosintáctica. C
- Recoñecemento do proceso de normalización lingüística e dos seus obxectivos. P
- Distinción do proceso de planificación lingüística e dos tipos de iniciativas que o forman. P
- Coñecemento das disposicións legais máis importantes relativas á lingua galega. P
- Aplicación de técnicas e recursos na organización da información do traballo escrito. P
- Recoñecemento da estrutura lóxica e da estrutura textual de diferentes textos. P
- Identificación das funcións sintácticas da oración simple (predicado, suxeito, obxecto directo, complemento de réxime, obxecto indirecto, complemento circunstancial, atributo, complemento predicativo e complemento axente) tendo en conta os seus constituíntes e unhas pautas de recoñecemento. P
- Aplicación pautada da técnica de análise morfosintáctica arbórea da oración simple. P
- Valoración positiva do proceso de normalización lingüística e implicación activa nel. V
- Estimación do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V

- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Observación dun esquema de síntese sobre a normalización lingüística e a planificación lingüística.
- Redacción dun texto sobre o tema: «O galego en vías de normalización».
- Clasificación duns artigos e disposicións legais relativas á lingua galega en función da lei á que corresponden.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos estrutura que afectan á coherencia textual.
- Anotación da posible estrutura lóxica dunha noticia a partir dun titular dado.
- Observación dun esquema de síntese sobre as funcións sintácticas da oración simple.
- Distinción do suxeito e do predicado nunhas oracións.
- Localización do OD e do CR noutras oracións diferentes.
- Identificación, mediante a substitución pronominal, das funcións de OD e de OI nunhas oracións.
- Creación dunhas oracións que se axusten a unhas estruturas e a unhas funcións sintácticas dadas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os pasos precisos para desenvolver unha análise morfosintáctica.
- Indicación das categorías gramaticais e das funcións sintácticas que faltan na análise morfosintáctica arbórea dunha oración.
- Realización da análise morfosintáctica arbórea de dúas oracións.

4. As variedades dialectais

Obxectivos

- Establecer os factores que determinan as variedades xeográficas do galego e coñecer a distribución dos bloques dialectais e os seus trazos máis característicos.
- Utilizar diferentes técnicas para unha correcta exposición da información nun traballo escrito.
- Distinguir a importancia da progresión da información na coherencia dos textos e os seus tipos.
- Recoñecer as oracións coordinadas e subordinadas; e distinguir os diferentes tipos de oracións coordinadas.

Contidos

- As variedades xeográficas do galego: o bloque occidental, o bloque central e o bloque oriental. C
- O traballo escrito: exposición da información. C
- Coherencia: progresión da información: progresión constante, progresión derivada e progresión enlazada. C

- Coordinación e subordinación. C
- A oración composta coordinada: tipos de oracións coordinadas (copulativas, disxuntivas, distributivas e adversativas). C
- Análise da oración coordinada. C
- Establecemento dos factores lingüísticos que dan orixe ás variedades xeográficas. P
- Recoñecemento da extensión e dos trazos lingüísticos específicos máis salientables dos bloques occidental, central e oriental. P
- Aplicación de técnicas e recursos para a exposición da información nun traballo escrito. P
- Distinción dos trazos que determinan as formas de progresión temática nun texto, xa sexa constante, derivada ou enlazada. P
- Recoñecemento das relacións de coordinación e de subordinación sintácticas. P
- Identificación da oración composta coordinada e recoñecemento dos seus diferentes tipos (copulativas, disxuntivas, distributivas e adversativas). P
- Aplicación pautada da técnica de análise morfosintáctica arbórea nas oracións coordinadas. P
- Valoración da riqueza expresiva das variedades dialectais do galego e rexeitamento de calquera tipo de prexuízo asociado a elas. V
- Estimación do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Indicación do enunciado que completa adecuadamente unhas afirmacións sobre as variedades dialectais do galego.
- Observación dun esquema de síntese sobre as variedades dialectais do galego.
- Determinación das formas en que varía un enunciado en galego estándar en función bloque dialectal en que se pronuncie.
- Esquematización da progresión da información nun texto dado.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de progresión temática.
- Redacción dun texto que se axuste a un dos tipos de progresión temática do esquema anterior.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de oracións compostas.
- Redacción dun texto con varias oracións simples, varias oracións compostas coordinadas e varias oracións compostas subordinadas.
- Identificación das oracións coordinadas e subordinadas presentes nun soneto.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de oracións compostas coordinadas.
- Indicación do enlace coordinante que completa axeitadamente unhas oracións; posterior

clasificación destas oracións.

- Realización da análise morfosintáctica arbórea dunha oración composta coordinada.

5. A lingua estándar

Obxectivos

- Identificar a variedade estándar do galego: as súas funcións, a súa historia, os criterios de normativización e as desviacións.
- Estructurar convenientemente o traballo escrito en diferentes partes.
- Distinguir a importancia dos conectores textuais e das relacións temporais para a propiedade de cohesión dos textos.
- Recoñecer os diferentes tipos de oracións subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais.

Contidos

- O galego estándar. C
- Funcións da variedade estándar. C
- Historia da variedade estándar. C
- A normativización. C
- Interferencias e desviacións do estándar (vulgarismos, hipergaleguismos, arcaísmos). C
- O traballo escrito: as partes do traballo. C
- Cohesión: conectores textuais e relacións temporais. C
- A oración composta subordinada. C
- A oración subordinada substantiva. A oración subordinada adxectiva. A oración subordinada adverbial. C
- Análise da oración subordinada. C
- Recoñecemento da variedade estándar e das súas funcións. P
- Coñecemento da historia da formación da variedade estándar do galego. P
- Identificación do proceso de normativización e dos criterios básicos de normativización do galego. P
- Recoñecemento das interferencias lingüísticas, das causas que as orixinan e dos seus diferentes tipos. P
- Distinción doutras desviacións da variedade estándar: vulgarismos, hipergaleguismos e arcaísmos. P
- Aplicación de técnicas e recursos para a estruturación en partes dun traballo escrito. P
- Distinción e clasificación dos conectores textuais máis importantes que dan cohesión a un texto. P
- Recoñecemento da importancia das relacións temporais na cohesión dun texto. P

- Identificación da oración composta subordinada. P
- Recoñecemento da oración subordinada substantiva e dos seus diferentes tipos. P
- Identificación da oración subordinada adxectiva e dos seus diferentes tipos. P
- Distinción da oración subordinada adverbial e dos seus diferentes tipos. P
- Aplicación pautada da técnica de análise morfosintáctica arbórea nas oracións subordinadas. P
- Valoración positiva do proceso de normativización do galego. V
- Interese por coñecer e evitar as interferencias lingüísticas e outras desviacións do estándar. V
- Estimación do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Resposta a unhas preguntas relacionadas coa variedade estándar.
- Resumo dun texto relativo á formación do estándar do galego e posta en relación deste texto con conceptos vistos na unidade.
- Observación dun esquema de síntese sobre a historia da variedade estándar do galego.
- Redacción dun texto sobre o tema: «A historia da elaboración do estándar do galego».
- Corrección dunhas oracións con interferencias e posterior clasificación destas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os procedementos de cohesión dos conectores textuais e das relacións temporais.
- Clasificación duns conectores temporais e posterior redacción dun texto que os inclúa coherentemente.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de oracións subordinadas.
- Localización das subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais dun texto.
- Creación de subordinadas substantivas a partir dunhas frases e dunhas funcións dadas.
- Creacións de diferentes subordinadas adverbiais unindo, con distintos enlaces, unhas oracións simples.
- Realización da análise morfosintáctica arbórea dunha oración subordinada.

6. O galego no século XX

Obxectivos

- Coñecer a evolución da lingua galega durante o século XX.
 - Aplicar correctamente as técnicas revisión e corrección na elaboración dun traballo escrito.
- Distinguir e dominar os procedementos de recorrencia de palabras que dan cohesión aos textos.
- Recoñecer trazos básicos do léxico do galego: a estrutura en monemas das palabras,

procedementos de creación de palabras e os campos léxicos.

Contidos

- O galego no século XX. Síntese histórica. O século XX. C
- O traballo escrito: a revisión e a corrección. C
- Cohesión: recorrencia de palabras: recorrencia léxico-semántica, recorrencia gramatical. C
- O léxico do galego: a estrutura das palabras: tipos de monemas. C
- A análise morfolóxica. C
- A formación de palabras: derivación, composición, parasíntese e procedementos de abreviación. C
- Campos léxicos. C
- Determinación da situación do galego durante o século XX. P
- Aplicación de técnicas e recursos para a revisión e a corrección dun traballo escrito. P
- Recoñecemento dos trazos de recorrencia léxico-semántica e de recorrencia gramatical que dan cohesión a un texto. P
- Determinación da estrutura en monemas da maior parte das palabras do léxico do galego. P
- Aprendizaxe e aplicación da técnica da análise morfolóxica. P
- Distinción dos procedementos de formación de palabras: derivación, composición, parasíntese e procedementos de abreviación (siglas e acrónimos). P
- Identificación dos campos léxicos e distinción entre campos léxicos regulares e irregulares. P
- Aprecio polos esforzos a prol da normalización da nosa lingua e da nosa cultura ao longo do século XX. V
- Estimación do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Observación dun esquema de síntese sobre os períodos en que se divide a historia externa do galego durante o século XX.
- Determinación de se unhas oracións sobre a situación do galego no século XX son certas ou falsas; posterior transformación das oracións falsas en certas.
- Creación dun esquema que resuma cronoloxicamente os feitos máis relevantes da historia da lingua galega no século XX.
- Realización dun comentario crítico persoal sobre un texto que trata a significación do nacemento da TVG na historia do galego actual.
- Observación dun esquema de síntese sobre os tipos de recorrencia de palabras que dan cohesión a un texto.
- Localización dos exemplos de recorrencia de palabras que se dan nun texto xornalístico.

- Clasificación dos monemas destacados nunhas palabras.
- Realización da análise morfolóxica doutras palabras.
- Observación dun esquema de síntese sobre os procedementos internos de formación de palabras (derivación, composición e parasíntese).
- Clasificación xustificada dunhas palabras segundo se formasen por derivación, composición ou parasíntese.
- Indicación do valor ou idea que expresan uns prefixos e exemplificación deles.
- Definición, con exemplos, de campo léxico regular e de campo léxico irregular.

7. O galego hoxe

Obxectivos

- Coñecer a situación do galego na actualidade nas súas distintas funcións e valorar as súas perspectivas de futuro.
- Aplicar correctamente os recursos para a presentación do traballo escrito.
- Coñecer os factores que interveñen na adecuación textual.
- Recoñecer o obxecto de estudo da semántica e identificar significado denotativo, significado connotativo e as diferentes relacións semánticas.
- Identificar e analizar axeitadamente os campos semánticos e recoñecer os mecanismos e as causas dos cambios semánticos.

Contidos

- O galego hoxe. Síntese histórica. C
- A funcionalidade actual da lingua galega. C
- O traballo escrito: a presentación do traballo. C
- Adecuación textual: factores que interveñen na adecuación. C
- O estudo do significado: a semántica. C
- Significado denotativo e connotativo. C
- Relacións semánticas: sinonimia, polisemia, homonimia e antonimia. C
- Campos semánticos. C
- Cambios semánticos: causas dos cambios semánticos. C
- Identificación da situación do galego na actualidade. P
- Recoñecemento da situación do galego durante o século XIX. P
- Aplicación das técnicas de presentación final dun traballo escrito. P
- Identificación da propiedade de adecuación textual e dos distintos factores que interveñen nela. P
- Recoñecemento da semántica como disciplina dedicada ao estudo do significado. P

- Distinción entre o significado denotativo e o significado connotativo das palabras. P
- Recoñecemento dos diferentes tipos de relacións semánticas: sinonimia, polisemia, homonimia e antonimia. P
- Identificación dos trazos elementais dos campos semánticos. P
- Recoñecemento dos cambios semánticos e dos mecanismos que os provocan. P
- Compromiso persoal coa nosa lingua como vehículo normal de comunicación para os galegos. V
- Respecto polas regras de adecuación que facilitan a comunicación lingüística. V
- Estimación do traballo escrito como técnica de aprendizaxe. V
- Interese por achegarse á lingua como obxecto de observación e de análise. V

Avaliación

- Realización dun esquema que sintetice os feitos básicos da recente historia de Galicia.
- Observación dun esquema de síntese sobre a funcionalidade actual da lingua galega.
- Lectura e comentario crítico sobre unha noticia que aborda o tema a vitalidade actual da lingua galega.
- Observación dun esquema de síntese sobre a adecuación textual.
- Explicación, con exemplos, dos factores que interveñen na adecuación comunicativa.
- Observación dun esquema de síntese sobre o significado connotativo e o significado denotativo
- Recoñecemento dos sinónimos parciais e dos sinónimos absolutos entre unhas series palabras.
- Indicación de todas as acepcións dunhas palabras polisémicas dadas.
- Clasificación xustificada das palabras destacadas nunhas oracións segundo sexan polisémicas ou homónimas.
- Observación dun esquema de síntese sobre as clases de antonimia.
- Definición de campo semántico e explicación sobre como se desenvolve a súa análise componencial.
- Recoñecemento das causas que xeraron cambios semánticos nunhas palabras.
- Definición e exemplificación dos conceptos de tabú lingüístico e eufemismo.

8. Primeiro terzo do século XX: a lírica

Obxectivos

- Recoñecer as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia do primeiro terzo do século XX.
- Determinar as características da lírica da transición entre o século XIX e o século XX, da lírica das Irmandades da Fala e da lírica das vangardas.

- Distinguir, a través de textos, os trazos básicos da obra poética de Antón Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro.
- Desenvolver o comentario literario do poema «Sós», de Manuel Antonio.

Contidos

- Características históricas, sociais e culturais da Galicia do primeiro terzo do século XX. C
- Situación lingüística da Galicia do primeiro terzo do século XX. C
- A lírica entre dous séculos. C
- Datos biográficos e produción poética de Antón Noriega Varela. C
- A lírica das Irmandades. C
- Datos biográficos e produción poética de Ramón Cabanillas. C
- Os movementos de vangarda europeos e galegos. C
- A lírica das vangardas. C
- Datos biográficos e produción poética de Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro. C
- Identificación das características históricas, sociais e culturais da Galicia do primeiro terzo do século XX. P
- Determinación da situación lingüística da Galicia do primeiro do século XX. P
- Análise da lírica na transición entre os séculos XIX e XX. P
- Identificación dos trazos básicos da lírica das Irmandades da Fala. P
- Distinción do concepto de vangarda, das súas características e dos movementos de vangarda europeos e galegos máis importantes. P
- Recoñecemento das principais características da obra poética de Antón Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro. P
- Aplicación do método de comentario de textos para analizar o poema «Sós», de Manuel Antonio. P
- Aprecio do valor lingüístico, cultural e literario do labor dos poetas do primeiro terzo do século XX. V
- Valoración da literatura como fonte de pracer e como instrumento estimulador da creatividade. V

Avaliación

- Indicación de se unhas afirmacións sobre o contexto cultural e lingüístico no primeiro terzo do século XX son falsas ou certas; e posterior transformación dos enunciados falsos en certos.
- Observación dun esquema de síntese sobre as diferentes orientacións da poesía lírica de Ramón

Cabanillas.

- Lectura de dous poemas de Ramón Cabanillas e identificación da súa liña temática e do tipo de estrofa ou combinación estrófica que os compoñen.
- Creación dun esquema que sintetice o tema, a estrutura e os trazos formais máis importantes de *Na noite estremecida*, de Ramón Cabanillas.
- Observación dun esquema de síntese sobre as principais tendencias do vangardismo galego.
- Lectura dun fragmento do manifesto «¡Máis alá!», de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, e comentario razoado sobre o seu contido.
- Observación dun esquema de síntese sobre as etapas na produción poética de Manuel Antonio.
- Clasificación duns datos biobibliográficos segundo correspondan a Amado Carballo, Bouza Brey, Pimentel ou Cunqueiro.
- Recoñecemento dos recursos estilísticos máis salientables de tres fragmentos de poemas vangardistas.
- Redacción dun texto co título «A poesía de vangarda. Características, autores e obras».

9. Primeiro terzo do século XX: a prosa

Obxectivos

- Determinar as características da prosa da transición entre o século XIX e o século XX, da prosa das Irmandades da Fala, da prosa das vangardas e da prosa da xeración Nós.
- Distinguir, a través de textos, os trazos básicos da obra prosística dos homes das Irmandades, de Rafael Dieste, de Vicente Risco, de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso D. R. Castelao.
- Desenvolver o comentario literario dun fragmento de *Arredor de si*, de Otero Pedrayo.
- Analizar a obra *Os dous de sempre*, de Alfonso D. R. Castelao, mediante unha lectura guiada.

Contidos

- A prosa entre dous séculos. C
- A prosa das Irmandades. C
- A prosa das vangardas. C
- Datos biográficos e produción narrativa de Rafael Dieste. C
- A xeración Nós: a prosa. Periodización da xeración Nós. A madurez da nosa literatura C
- Datos biográficos e produción narrativa e ensaística de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso D. R. Castelao. C
- Análise da prosa na transición entre os séculos XIX e XX. P
- Identificación dos trazos básicos da prosa das Irmandades da Fala. P

- Distinción das características propias da prosa das vangardas. P
- Determinación dos elementos definatorios e as etapas da evolución da xeración Nós. P
- Recoñecemento do papel da xeración Nós no noso definitivo desenvolvemento literario. P
- Identificación das principais características da obra narrativa e ensaística de Rafael Dieste, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso D. R. Castelao. P
- Aplicación do método de comentario de textos para analizar un fragmento de *Arredor de si*, de Otero Pedrayo. P
- Aprecio do valor lingüístico, cultural e literario do labor dos autores das Irmandades da Fala. V
- Valoración positiva da contribución da xeración Nós á madureza da nosa literatura. V
- Interese pola lectura das obras clave da produción literaria da xeración Nós. V

Aviación

- Observación dun esquema de síntese sobre os avances da prosa das Irmandades.
- Creación dun esquema que inclúa os principais prosistas das Irmandades e das vangardas.
- Lectura e resumo dun relato de *Dos arquiteiros do trasno*, de Rafael Dieste; comparación dos dous personaxes principais; comentario razoado da importancia da obra no noso panorama literario.
- Observación dun esquema de síntese sobre a periodización da xeración Nós.
- Selección do enunciado que completa adecuadamente unhas afirmacións sobre a xeración Nós.
- Comentario razoado sobre o contido dun fragmento do primeiro editorial da revista *Nós*.
- Lectura e análise das imaxes caricaturescas presentes nun fragmento de *O porco de pé*, de Vicente Risco.
- Observación dun esquema de síntese sobre a obra en prosa de Ramón Otero Pedrayo.
- Creación doutros esquemas, semellantes ao anterior, sobre a obra en prosa de Vicente Risco e de Castelao.
- Lectura dun fragmento dunha entrevista a Pedrayo e posta en relación do seu contido co estudado na unidade.
- Lectura do relato «Peto de lobo» de *Retrincos*, de Castelao, e resposta a unhas cuestións sobre o seu contido.

10. Primeiro terzo do século XX: o teatro

Obxectivos

- Recoñecer as características do teatro da transición entre o século XIX e o século XX, do teatro das Irmandades da Fala, do teatro das vangardas e do teatro da xeración Nós.
- Distinguir, a través de textos, os trazos básicos da obra dramática de Manuel Lugrís Freire, Ramón

Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Armando Cotarelo Valledor, Rafael Dieste, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Castelao.

- Desenvolver o comentario literario dun fragmento de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

Contidos

- O teatro entre dous séculos. C

- O teatro das Irmandades. C

- Datos biográficos e produción teatral de Manuel Lugrís Freire, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Armando Cotarelo Valledor. C

- O teatro das vangardas. C

- Datos biográficos e produción teatral de Rafael Dieste. C

- O teatro da xeración Nós. C

- Datos biográficos e produción teatral de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso D. R. Castelao. C

- Análise do teatro na transición entre os séculos XIX e XX. P

- Distinción dos trazos básicos do teatro das Irmandades da Fala. P

- Recoñecemento das características propias do teatro das vangardas. P

- Determinación das características básicas do teatro da xeración Nós. P

- Identificación das principais características da obra dramática de Manuel Lugrís Freire, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Armando Cotarelo Valledor, Rafael Dieste, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Alfonso D. R. Castelao. P

- Aplicación do método de comentario de textos para analizar un fragmento da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. P

- Valoración positiva da contribución das Irmandades da Fala, das vangardas e da xeración Nós ao desenvolvemento do noso teatro. V

Avaliación

- Peche duns enunciados sobre o teatro entre dous séculos e o teatro das Irmandades á luz do estudado na unidade.

- Lectura dun esquema de síntese sobre as temáticas desenvolvidas no teatro das Irmandades.

- Indicación de títulos de obras das Irmandades que se axustan ás temáticas anteriores.

- Identificación nun fragmento de *A fiestra valdeira* do conflito central desta obra; posterior indicación do lance en que se sitúa este fragmento.

- Observación dun esquema de síntese sobre a renovación no teatro da xeración Nós.

- Clasificación dunhas afirmacións segundo correspondan a trazos propios do teatro das Irmandades

ou do teatro da xeración Nós.

- Observación dun esquema de síntese sobre as obras teatrais máis representativas da xeración Nós.
- Lectura dun texto de Castelao no que relata como se xestou a creación de *Os vellos non deben de namorarse* e posterior comentario persoal sobre este á luz do estudado na unidade.
- Redacción dun texto que resuma o seguinte tema: «O teatro do primeiro terzo do século XX: Irmandades, vangardas e xeración Nós».

11. Entre 1936 e 1976: a lírica

Obxectivos

- Recoñecer as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia entre 1936 e 1976.
- Determinar as características da lírica no exilio.
- Sintetizar os trazos máis importantes da obra dos poetas da xeración do 36, da promoción de enlace e da xeración das Festas Minervais.
- Desenvolver o comentario de texto do poema «Esta chuvia lustral» da obra *Prometo a flor de loto*, de Luz Pozo Garza.
- Analizar a obra *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, mediante unha lectura guiada.

Contidos

- Características históricas, sociais e culturais de Galicia do período entre 1936 e 1976. C
- Situación lingüística da Galicia do período entre 1936 e 1976. C
- A lírica no exilio. C
- Datos biográficos e produción poética de Luís Seoane e Lorenzo Varela. C
- A lírica galega: 1936-1976. C
- A xeración de 1936. C
- Datos biográficos e produción poética de Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Álvarez Blázquez. C
- A promoción de enlace. C
- Datos biográficos e produción poética de Antón Tovar e Luz Pozo Garza. C
- A xeración das Festas Minervais. C
- Datos biográficos e produción poética de Manuel María, Bernardino Graña, Uxío Novoneyra e Xosé Luís Méndez Ferrín. C
- Recoñecemento das características históricas, sociais, culturais e lingüísticas do período entre 1936 e 1976. P
- Identificación das circunstancias do exilio e do labor literario dos poetas exiliados máis

representativos. **P**

- Distinción da continuidade entre as liñas poéticas anteriores e posteriores á guerra. **P**
- Determinación dos trazos xerais da xeración de 1936 e recoñecemento dos trazos máis importantes da vida e da obra de Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Álvarez Blázquez. **P**
- Identificación das características xerais da promoción de enlace e distinción dos trazos máis importantes da vida e da obra de Antón Tovar e Luz Pozo Garza. **P**
- Determinación dos trazos fundamentais da xeración das Festas Minervais e distinción dos trazos máis salientables da vida e da obra de Manuel María, Bernardino Graña, Uxío Novoneyra e Xosé Luís Méndez Ferrín. **P**
- Aplicación do método de comentario de texto ao poema «Esta chuvia lustral» da obra *Prometo a flor de loto*, de Luz Pozo Garza. **P**
- Analise, mediante unha lectura guiada, de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. **P**
- Valoración da importancia do labor creativo dos nosos autores literarios no exilio e en Galicia durante a época da ditadura. **V**
- Interese pola lectura da obra máis representativa dos poetas galegos de posguerra. **V**

Avaliación

- Lectura dun esquema de síntese sobre a actividade cultural e literaria no exilio.
- Resumo dos trazos biobibliográficos máis importantes de Luís Seoane e Lorenzo Varela.
- Indicación do enunciado que completa correctamente unhas afirmacións sobre a xeración de 1936
- Observación dun esquema de síntese sobre as etapas da lírica galega entre 1936 e 1976.
- Redacción dun texto que sintetice este tema: «A lírica galega entre 1936 e 1976».
- Observación dun esquema de síntese sobre as liñas temáticas na poesía de Celso Emilio Ferreiro.
- Creación de esquemas semellantes ao anterior sobre as liñas temáticas básicas de Luz Pozo Garza, Uxío Novoneyra e Xosé Luís Méndez Ferrín.
- Identificación do tema dun poema de Méndez Ferrín; localización e valoración das metáforas e comparacións presentes no texto; estruturación temática do poema; comentario persoal sobre o valor expresivo do símbolo da «noite» no texto en comparación con poemas doutros autores desta unidade.
- Identificación dos recursos estilísticos dominantes en catro fragmentos de poemas de autores vistos na unidade e comentario do seu valor expresivo.

12. Entre 1936 e 1976: a prosa

Obxectivos

- Determinar as características da prosa no exilio.
- Recoñecer a periodización da narrativa galega entre 1936 e 1976 e tamén os trazos esenciais do ensaio galego neste período.
- Distinguir as liñas temáticas fundamentais e os narradores máis salientables da narrativa de posguerra.
- Recoñecer os trazos básicos da renovación dos autores da Nova Narrativa Galega e da chamada épica rural.
- Desenvolver o comentario literario dun fragmento de *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.
- Analizar a obra *O crepúsculo e as formigas*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, mediante unha lectura guiada.

Contidos

- A prosa no exilio. C
- Datos biográficos e produción narrativa de Ramón de Valenzuela e Silvio Santiago. C
- A prosa galega: 1936-1976: narrativa e ensaio. C
- A narrativa de posguerra. C
- Datos biográficos e produción narrativa de Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole. C
- A narrativa galega a partir dos anos 60: Nova Narrativa Galega e a épica rural. C
- Datos biográficos e produción narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Casares, María Xosé Queizán e Xosé Neira Vilas. C
- Identificación das circunstancias do exilio e do labor literario dos narradores exiliados máis importantes. **P**
- Clasificación das características e das liñas temáticas fundamentais da narrativa de posguerra. **P**
- Distinción dos trazos máis representativos da produción dos narradores de posguerra: Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole. **P**
- Identificación das fases e grupos da narrativa galega entre os anos 60 e 70: Nova Narrativa Galega e a épica rural. **P**
- Distinción dos trazos máis importantes da produción narrativa de X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, María Xosé Queizán e Xosé Neira Vilas. **P**
- Aplicación do método de comentario de texto a un fragmento de *A esmorga*, de Blanco Amor. **P**
- Analise, mediante unha lectura guiada, de *O crepúsculo e as formigas*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. **P**
- Valoración positiva do esforzo dos nosos narradores polo cultivo da literatura na nosa lingua durante a posguerra. **V**

- Aprecio pola contribución dos escritores dos anos 60 e 70 á renovación da narrativa galega. V
- Interese pola lectura de obras representativas da narrativa galega do período entre 1936 e 1976. V

Avaliación

- Resposta a unhas preguntas sobre a prosa galega no exilio.
- Observación dun esquema de síntese sobre os principais núcleos temáticos da narrativa de posguerra.
- Localización nun fragmento de *Xente ao lonxe*, de Blanco Amor, de exemplos dos trazos máis característicos desta novela.
- Comentario razoado sobre o contido dun texto que reflexiona sobre a capacidade fabuladora e o valor da imaxinación na narrativa de Cunqueiro.
- Observación dun esquema de síntese sobre autores e trazos básicos da Nova Narrativa Galega.
- Clasificación dunhas obras segundo os membros da Nova Narrativa que as escribisen.
- Explicación da evolución na produción narrativa de Carlos Casares a partir de dous textos dados.
- Observación dun esquema de síntese sobre o perfil biográfico e a produción narrativa de Neira Vilas.
- Creación doutros esquemas semellantes ao anterior centrados nas figuras de Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas.
- Redacción dun texto co título «A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas».

13. Entre 1936 e 1976: o teatro

Obxectivos

- Recoñecer as características do teatro galego no exilio.
- Distinguir os trazos esenciais do teatro de posguerra e da obra teatral dos dramaturgos deste período.
- Determinar os elementos caracterizadores do teatro galego da chamada «dramática social» e os trazos fundamentais da obra dos seus autores.
- Coñecer as características da dramaturxia do grupo de Ribadavia e os trazos básicos da produción dos autores deste grupo.
- Desenvolver o comentario literario dun fragmento de *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño.
- Analizar a obra *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro, mediante unha lectura guiada.

Contidos

- O teatro no exilio. C
- Datos biográficos e produción teatral de Manuel Daniel Varela Buxán e Luís Seoane. C
- O teatro na posguerra. C
- Datos biográficos e produción teatral de Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ricardo Carballo Calero. C
- A «dramática social». C
- Datos biográficos e produción teatral de Daniel Cortezón e Xohana Torres. C
- O grupo de Ribadavia. C
- Datos biográficos e produción teatral de Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño. C
- Identificación das circunstancias en que se desenvolveu o teatro no exilio e do labor dos dramaturgos máis importantes da diáspora. P
- Establecemento das características esenciais do teatro galego de posguerra. P
- Recoñecemento dos trazos básicos da obra teatral de Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ricardo Carballo Calero. P
- Distinción das características do teatro galego do grupo da «dramática social». P
- Recoñecemento dos trazos fundamentais da obra dramática de Daniel Cortezón e Xohana Torres. P
- Establecemento das características esenciais do teatro do grupo de Ribadavia. P
- Identificación dos trazos básicos da obra teatral de Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño. P
- Valoración positiva do esforzo dos dramaturgos da posguerra polo cultivo da literatura na nosa lingua durante os anos da ditadura. V
- Aprecio pola contribución dos autores do grupo de Ribadavia á consolidación e profesionalización do teatro galego. V
- Interese pola lectura das obras clave dos dramaturgos galegos do período entre 1936 e 1976. V

Avaliación

- Identificación dos enunciados que completan correctamente unhas afirmacións sobre o teatro galego no exilio.
- Lectura dun esquema de síntese sobre as obras clave dos dramaturgos do teatro galego na posguerra.
- Copia do esquema anterior ampliándoo con máis información sobre o teatro dese período.
- Lectura e resumo dun fragmento de *Proceso en Jacobusland*, de Eduardo Blanco Amor; posta en

relación do texto cos trazos formais e temáticos estudados deste autor.

- Observación dun esquema de síntese sobre as mostras de teatro de Ribadavia.
- Comentario razoado dun texto relacionado coa evolución da nosa dramaturxia neste período, á luz do estudado na unidade.
- Observación dun esquema de síntese sobre os principais dramaturgos do grupo de Ribadavia.
- Lectura e clasificación de tres textos de Manuel Lourenzo en función da liña temática á que correspondan.
- Discriminación das oracións falsas e certas dunha serie sobre a produción dramática de Roberto Vidal Bolaño; transformación posterior das oracións falsas en certas.
- Redacción dun texto sobre este tema: «O teatro galego entre 1936 e 1976».

14. A literatura actual

Obxectivos

- Identificar as características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia de hoxe.
- Definir os trazos xerais da lírica galega dos nosos días e da produción poética dalgúns autores deste período.
- Distinguir os elementos definidores da prosa galega actual e as características principais da obra dalgúns narradores deste período.
- Sintetizar os trazos caracterizadores do teatro galego actual e da obra de certos dramaturgos dos nosos días.
- Desenvolver o comentario de texto do poema «Os repatriados» da obra *Territorio da desaparición*, de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Contidos

- Características históricas, sociais e culturais da Galicia dos nosos días. **C**
- Principais trazos da situación lingüística da Galicia dos nosos días. **C**
- A lírica actual. **C**
- Datos biográficos e produción poética de Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miro Villar e Yolanda Castaño. **C**
- A narrativa actual. **C**
- Datos biográficos e produción narrativa de Darío X. Cabana, Suso de Toro, Manuel Rivas e Teresa Moure. **C**
- O teatro actual. **C**
- Datos biográficos e produción dramática de Xesús Pisón, Gustavo Pernas, Cándido Pazó e Imma Antón Souto. **C**

- Determinación das características históricas, sociais, culturais e lingüísticas da Galicia dos nosos días. **P**
- Distinción dos trazos xerais da lírica galega dos nosos días e dos elementos característicos da poesía de Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miro Villar e Yolanda Castaño. **P**
- Clasificación dos elementos definidores da narrativa galega actual e das características principais da obra narrativa de Darío X. Cabana, Suso de Toro, Manuel Rivas e Teresa Moure. **P**
- Recoñecemento dos trazos caracterizadores do teatro galego actual e dos trazos máis importantes obra dramática de Xesús Pisón, Gustavo Pernas, Cándido Pazó e Imma Antón Souto. **P**
- Valoración do labor dos escritores actuais como contribución á nosa normalización literaria e lingüística. **V**

Avaliación

- Observación dun esquema de síntese sobre as fondas transformacións na sociedade galega actual.
- Caracterización, a través de poemas lidos na unidade, dos trazos propios da promoción de poetas dos 80 e da promoción dos 90.
- Discriminación das afirmacións falsas e certas dunha serie sobre os poetas galegos actuais; transformación posterior das oracións falsas en certas.
- Observación dun esquema de síntese sobre os trazos básicos e os autores representativos da narrativa actual.
- Determinación da estrutura e resumo dun fragmento de *Os comedores de patacas*, de Manuel Rivas; comentario sobre a tensión «mundo rural / mundo urbano» que se reflicte no texto.
- Indicación do argumento e do autor ou autora dunha serie de novelas clave da nosa narrativa actual.
- Creación, a partir dunhas cuestións dadas, dun texto sobre o desenvolvemento do noso teatro actual.
- Lectura dun fragmento de *O bululú do linier*, de Cándido Pazó, e comentario sobre como se reflicten nel algúns trazos básicos da súa dramaturxia.